

*Review*

# ESTÉVEZ GROSSI, Marta

Berlin: Frank & Timme.  
2018. 574 pp.  
ISBN 978-3-7329-0411-2

## *Lingüística Migratoria e Interpretación en los Servicios Públicos. La comunidad gallega en Alemania*

**Gabriel Pérez Durán**  
Universität Heidelberg

Resulta sintomático que cada vez que aparece un novo volume sobre estudos galegos, unha sensación de entusiasmo e compracencia invada os nosos corpos. Semella unha reacción emocional, case indisoluble de calquera dinámica de resistencia. Con todo, despois comezan os interrogantes: que tipo de impacto teñen estes traballos académicos no sistema sociocultural receptor e en que medida son capaces de deitar luz sobre a realidade en que se insiren? Xeran debate e coñecemento nese marco social? Como nos perciben (e percibimos) e que tipo de estereotipos distorsionan as canles de mediación e transferencia entre os dous espazos culturais en contacto? Téñense en conta as dinámicas do contexto en que se publica e os problemas que poden ocasionar certas *escollas epistémicas* nas relacións centro-periferia?

Todos este interrogantes, e algún máis, atravesan o libro de Marta Estévez Grossi, *Lingüística Migratoria e Interpretación en los Servicios Públicos. La comunidad gallega en Alemania*, publicado en 2018 pola editora académica alemá Frank & Timme. Se ben a adscrición deste volume á colección TRANSÜD sobre estudos de tradución e interpretación desta editorial recolle boa parte dos obxectivos deste traballo, existen outros elementos (estudos migratorios, estudos galegos, entre outros) que quedan fóra do horizonte de espera desta colección. Un comentario á parte merecería certo desleixo na edición do texto, pero xa resulta bastante común neste tipo de editoras académicas, ao igual cá ausencia dun índice analítico que facilitaríaa a consulta

ESTÉVEZ GROSSI, Marta  
*Lingüística Migratoria e  
Interpretación en los Servicios  
Públicos. La comunidad  
gallega en Alemania*  
Gabriel Pérez Durán

do contido e podería integrar de forma eficaz o índice de táboas, diagramas e fragmentos de entrevistas que están nos apéndices.

No presente volume analízanse a evolución comunicativa e as necesidades de mediación lingüística da comunidade inmigrante galega na cidade alemá de Hannover, dende o seu establecemento na década dos 60 ata a actualidade. Desta maneira, para crear o marco do obxecto de estudo, trázase un perfil sociohistórico e glotopolítico desta colectividade (da primeira xeración, sobre todo) e invístanse os seus niveis de interacción social e a súa transformación ao longo do tempo. Cunha vocación interdisciplinar (no sentido de Julie Thompson Klein), a autora usa ferramentas da lingüística migratoria, a historia oral ou os estudos de tradución e interpretación para pescudar os diferentes contextos comunicativos que conforman a súa vida cotiá como migrantes, ben a nivel familiar e social (dentro da comunidade galega, da hispanofalante e da sociedade xermana), ben como demandantes de interpretación nos diferentes servizos públicos da República Federal Alemá.

No entanto, antes de entrar nas fonduras deste traballo, cómpre facer unha pequena radiografía dos xogos de espellos, reflexos e sombras do corpus académico sobre estudos galegos. O obxectivo disto é dimensionar o armazón académico en que se sitúa esta interesante proposta de Marta Estévez Grossi. Ora ben, sen ningunha intención exhaustiva, xa que non é o propósito desta recensión.

Dende un tempo ata hoxe, os estudos galegos abríronse a unha conectografía global, en termos de Parag Khanna. Noutras palabras, o campo de investigación desta disciplina conflúe nun realismo complexo, en que se establece unha mesta rede de nós entrelazados que configuran relacións de obxectos, cuxos procesos operacionais son de interese para disciplinas moi dispares. Xa que logo, os sistemas conceptuais téñense que pór a proba en realidades sociais policontextuais e conflitivas entre si. Asemade, esta infiltración permite engadir novas achegas aos estudos galegos que posibiliten saír da órbita do horizonte nacional, inda que sexa de carácter estratéxico. Así e todo, isto suscita unha serie de interrogantes. O primeiro deles, en que medida se poden artellar diferentes modelos analíticos e epistémico-gnoseolóxicos que sexan capaces de se inscribir dentro dos procesos globais de coñecemento científico e permitan comprender as relacións, patróns e formas do campo de investigación, con certa vocación de universalidade? En segundo lugar, esta arquitectura conceptual xeral pode ser compatible coa complexidade e especificidade dos fenómenos socio-culturais e políticos que caracterizan a Galicia como forma social de seu? Ben é certo que, dende un punto de vista transnacional e de transferencias culturais, a comparación entre referentes esóxenos e os elementos endóxeos que están relacionados axuda a representar unha diversidade de puntos de cruce e contacto, que permite pór o foco naqueles compoñentes que se integran ou non nas diferentes redes. Por último, o terceiro interrogante ao que se enfrontan os estudos galegos nesta nova conxuntura de conectografía global é un dilema fenomenolóxico: de que xeito os problemas de mediación, escollas epistémicas e de asimetrías das diferentes realidades sociais en que están inseridos os estudos académicos, producen *puntos cegos* que imposibilitan unha comprensión mutua, xa que os diferentes mapas mentais e *habitus* destes espazos públicos académicos non atravesan con facilidade as diferentes capas das sociedades policontextuais da actualidade? Xa que logo, hai que ser consciente destes desenfoques para evitar problemas interpretativos que se poidan ocasionar e usalos como un camiño de entrada

ESTÉVEZ GROSSI, Marta  
*Lingüística Migratoria e  
Interpretación en los Servicios  
Públicos. La comunidad  
gallega en Alemania*  
Gabriel Pérez Durán

para se adaptar ás diferentes particularidades dos espazos académicos. Ora ben, non se hai que esquecer de que todo isto debería estar sometido a un proceso de metaanálise que, por unha banda, axude a construír un sentido de pensamento común que facilite un diálogo frutífero e, pola outra, revise o coñecemento xerado e corrixa posibles defectos a nivel gnoseolóxico e epistémico.

Na última década, este ambiente académico propiciou unha forxada de galicianistas en universidades anglosaxoas (Reino Unido, Estados Unidos, Irlanda, Nova Celandia ou Australia), que tentan facer comprensible a cultura galega nun marco de estudo, preeminentemente, posnacional ou *glocal*. Unha mostra deste prolífico labor son as investigacións de Kirsty Hooper (2011, 2013 e xunto con Manuel Puga Moruxa, 2011, como coeditora), Eugenia R. Romero (2012), Helena Miguélez-Carballeira (2013 e 2014, como editora), José Colmeiro (2017) ou *Rerouting Galician Studies: Multidisciplinary Interventions* (2017), editado por Benita Sampedro Vizcaya e José A. Losada Montero, entre outros moitos exemplos. Secasí, existe unha eira vizosa nos estudos galegos, que xa fora encetada pola historiografía: a migración. As propostas de investigación van dende o estudo dos novos fenómenos diaspóricos da Galicia actual, ata novas vías para pescudar a integración de migrantes de segunda xeración en Galicia. Exemplos disto atopámoslos en *Psicopatoloxía do retorno* (2007), *Galician Migration: A Case Study of Emerging Super-diversity* (2017), *Transmigrantes. Fillas da precariedade* (2017), *Muller inmigrante, lingua e sociedade* (2017) ou *Elas, as emigrantes. Mulheres da Terra de Soneira na Suíça* (2019). Por iso, o traballo da doutora Estévez Grossi supón un elo máis para a comprensión da complexidade dos fenómenos migratorios da diáspora galega, dende unha proposta interdisciplinar, tal e como analizaremos a continuación.

Ora ben, por moita globalización que haxa, nalgúns casos seguimos de cheo nun mundo centrado no nacional. Así, a Universidade como institución de produción de coñecemento non está exenta de estar enmarcada nos diferentes espazos públicos nacionais que teñen dinámicas propias para socializar e divulgar ideas e debates. Como xa mencionamos antes, este *ensimasmamento* propicia distorsións hermenéuticas á hora de atravesar os diferentes espazos académicos, de aí que se faga necesario facer unha pequena panorámica das dinámicas internas para poder contextualizar de xeito preciso un traballo como o de Marta Estévez Grossi e a súa excepcionalidade dentro dos estudos galegos no contexto académico alemán.

A diferenza do que sucedía no contexto anglosaxón, no mundo académico alemán o interese vén de vello. Se ben a comezos do século xx existían traballos esporádicos sobre o galego, non será ata a década dos 20 cando se desenvolva un proxecto de investigación cunha metodoloxía propia: *Wörten und Sachen*. A partir de traballo de campo, estúdase a cultura popular e material de determinados lugares pouco contaminados pola modernidade e as súas formas léxicas asociadas. Neste interese científico do territorio de Galicia, como un lugar con certo *exotismo* e conservador das esencias *premodernas*, a Romanística alemá continuou sachando nesta leira pero dende o punto de vista da gramática histórica ou etimoloxía. Malia que estes traballos foron afirmando a lingüicidade do galego (pensemos na entrada que ten no *Lexikon der Romanistisbchen Linguistik*), na última década apareceron traballos, como o manual do catedrático de románicas Georg Bossong *Die romanischen Sprachen. Eine vergleichende Einführung* (2008) —moi usado polas últimas foroadas de romanistas nas universidades de fala alemá— en que a lingua galega é etiquetada como *Kulturdialekt* e non como

ESTÉVEZ GROSSI, Marta  
*Lingüística Migratoria e  
Interpretación en los Servicios  
Públicos. La comunidad  
gallega en Alemania*  
Gabriel Pérez Durán

lingua. Esta denominación xa está presente no mundo académico anglosaxón a través da *The Oxford Guide to the Romance Language* (2016). En definitiva, a lingüística foi a área por excelencia dos estudos galegos no contexto xermano, agás pola excepción dalgúns traballos no eido da literatura e das ciencias sociais.

O libro de Estévez Grossi conecta cos traballos pioneiros sobre migración galega na Arxentina da catedrática alemá Eva Gugenberger (2013 e 2018). De feito, non é de estrañar que unha parte do tramado teórico deste volume proveña desta estudosa. Velaquí, un punto de conexión con outros espazos académicos que xa nomeamos: os estudos migratorios. Neste sentido, a lectura do volume de Estévez Grossi pódese completar con outras sobre os movementos diaspóricos que se sinalaron anteriormente.

Seguindo este fío, o contido desta monografía bota certa luz sobre a realidade poliédrica da migración alemá, dende o punto de vista dun grupo de migrantes galegos en Hannover. Cunha perspectiva diacrónica, moitos dos dilemas que transitan polas páxinas deste ensaio —integración e estratexias aculturativas por parte dos migrantes, ou ben, a planificación (ou improvisación) das autoridades alemás para facilitar o labor de cohesión social deste grupo— tamén se poden aplicar ao debate sobre os refuxiados que se está a dar en Alemaña nos últimos tempos. Así, numerosos artigos xornalísticos, libros de certa divulgación —*Wir neuen Deutschen* de Alice Bota, Khuê Phan e Özlem Topçu, *Die neuen Deutschen* de Herfried e Marina Münkler ou *Wer ist Wir? Deutschland und seine Muslime* de Navid Kermani, entre outros— ou, incluso, a aparición destes temas en programas populares como *Neo Magazine Royale* —pódese consultar o videoclip: ‘Be Deutsch! (Achtung! Germans on the rise!)’— son algúns dos numerosos exemplos que poden axudar a comprender o grao de penetración deste tipo de debates na sociedade alemá. Coa lectura deste libro, parece inevitable que se leve a cabo unha avaliación do que se fixo no pasado e do que se está a realizar hoxe en día cos migrantes en Europa.

Ao nos somerxer no miolo desta adaptación da tese de doutoramento de Estévez Grossi, pódese observar que se trata dun proxecto de investigación a longo prazo, cunha vontade de ser a primeira peza dun *work in progress*, tal e como se destila na súa arquitectura teórica interdisciplinar. A partir das necesidades concretas do seu obxecto de estudo, na sección teórica vaise analizando unha serie de disciplinas —lingüística migratoria, historia oral, análise cualitativa de contido, etc.— para ver cales son os elementos de converxencia e diverxencia destas disciplinas á hora de investigar as necesidades de mediación lingüística e de uso dos servizos de interpretación da comunidade galega que chegou nos 60 e 70 a Hannover. Deste xeito, a medida que se observa o que achegan no plano da teoría e da investigación empírica, xunto cos seus esquemas conceptuais, a súa forma de definir os problemas e as súas metodoloxías, vaise vendo ao longo das páxinas o grao de cooperación entre as diversas disciplinas para adoptar cos Estudos de Interpretación de Servizos Públicos certos trazos de transdisciplina.

Esta metaanálise resulta fulcral para ver os posibles acertos e eivas que se poden dar na vertente máis práctica da investigación, tanto na caracterización da comunidade migratoria que se está a estudar —descripción da situación trilingüe (galego, español e alemán) e os diferentes graos de socialización dentro da sociedade receptora—, como nos diferentes niveis de necesidade de mediación lingüística da interacción social deste

ESTÉVEZ GROSSI, Marta  
*Lingüística Migratoria e  
Interpretación en los Servicios  
Públicos. La comunidad  
gallega en Alemania*  
Gabriel Pérez Durán

grupo —capítulo 7—. Estes dous aspectos están atravesados por un enfoque metodolóxico de carácter etnográfico, é dicir, a través de diferentes entrevistas e cuestionarios accédese á experiencia persoal dos entrevistados para analizar as súas prácticas sociais en diferentes situacións comunicativas, así como as súas lembranzas, motivacións e opinións sobre o feito de migrar na década dos 60 e 70.

De todos os xeitos, sorprende a visión reducionista que fai a autora sobre a Análise Crítica do Discurso (ACD), en contraposición coa Análise Cualitativa do Discurso. O motivo que se argúe para optar pola segunda opción é que o seu obxectivo principal consiste en analizar o contido das narracións das persoas entrevistadas. En troques, o campo de investigación da primeira opción unicamente se centraría na produción lingüística. Así e todo, se nos acollemos á definición clásica de Fairclough (1993) sobre ACD, pódese ollar que nesta disciplina non se queda nunha dimensión lingüística da produción discursiva, senón que se realiza un estudo sistemático sobre as relacións entre o texto e as súas condicións sociais, ideolóxicas e de poder. Modelos analíticos como o DIMEAN (Warnke & Spitzmüller 2008) —usado no contexto académico alemán— integran no seu marco metodolóxico perspectivas como a lingüística, a social e a pragmática. De feito, en moitas ocasións as interpretacións que se fan dos diferentes temas que tratan as persoas entrevistadas —como as contradicións no relato que elaboran os participantes no estudo sobre a súa capacidade para entender o alemán— entran de cheo no eido da ACD e, sobre todo, da pragmática ou da pragmalingüística. Como se pode comprobar, baixo o meu punto de vista, estas dúas disciplinas son complementarias entre si. Realmente, a súa combinación podería ser unha porta de entrada para a estilometría, a minaría de textos e outras metodoloxías das Humanidades Dixitais derivadas do uso de Python e R —NLTK e spaCy, entre outros—.

En definitiva, *Lingüística Migratoria e Interpretación en los Servicios Públicos* é un volume que se centra en diferentes planos da realidade migratoria galega en Alemaña. Ao estar publicado nunha editora académica alemá, percorre diversos estratos da complexidade académica actual e suscita interesantes interrogantes e conflitos para o futuro, como a construción dos estudos galegos como disciplina global e, asemade, como parte dos estudos de área (Area Studies). Noutras palabras, o desenvolvemento desta disciplina académica dende enfoques *glocalistas* como marco de comprensión de calquera fenómeno multinivel que permite resolver problemas concretos dende a base social e aplicar teorías que non destrúan a complexidade que están a analizar. Con todo, isto ten as súas luces e sombras. Ademais de ter en conta os problemas mencionados de interferencias e mediación entre as diferentes sincronías dos espazos públicos, hai que lle engadir as dificultades de visibilidade institucional dos estudos galegos. Mostra disto é este libro. En ningún momento se menciona esta disciplina, xa que no contexto alemán carécese do suficiente coñecemento tácito acumulado que a singularice na práctica das diferentes comunidades científicas que constitúen a vida académica alemá.

En liñas xerais, este traballo pon de manifesto un interesante camiño interdisciplinar para os estudos de Tradución e Interpretación, sobre todo no que atinxe aos procesos de mediación que se dán na Interpretación de Servizos Públicos e a súa intersección coa Lingüística migratoria e con técnicas de investigación de carácter etnográfico —historia oral e análise cualitativa de contido, entre outras—. Esta combinación de ferramentas gnoseolóxicas e epistémicas é un primeiro paso para, por unha banda,

ESTÉVEZ GROSSI, Marta  
*Lingüística Migratoria e  
Interpretación en los Servicios  
Públicos. La comunidad  
gallega en Alemania*  
Gabriel Pérez Durán

transitar por outras corredoiras que esperemos que se dean en próximos traballos e, pola outra, mellorar algúns procedementos de investigación.

Por exemplo, chama a atención que non se aproveiten algunhas das liñas socio-culturais do modelo de Gugenberger, máis alá das estratexias aculturativas e a actitude que cada persoa asume en actos comunicativos nun contexto multilingüe. Certo é que en calquera investigación hai que establecer algúns ‘cortes epistémicos e metodolóxicos’. Non obstante, nun traballo feito dende unha perspectiva cualitativa en que se investigan actuacións concretas dun grupo reducido de persoas hai que ter en conta que moitas das categorías usadas son fluídas. Ao estar en marcos microhistóricos, os lindes conceptuais non son nítidos e, en consecuencia, faise difícil desligar uns doutros a causa da gran cantidade de factores contextuais que os condicionan. Isto tamén está en consonancia co coidado que hai que ter á hora de xeneralizar á totalidade do colectivo migrante que se está a estudar, asunto que non reflicte o subtítulo deste libro —‘La comunidad gallega en Alemania’—, malia que no corpo da investigación establécese con claridade o marco espazo-temporal e reitérase o escaso número de participantes. Estes son motivos que poden afectar, como ben se sinala no apartado final, as propias conclusións do traballo. Derivado disto, hai que salientar a tentativa de caracterizar sociolingüísticamente as persoas participantes do estudo, tanto a nivel de competencias das súas linguas iniciais como do alemán. Con todo, habería algúns aspectos de mellora, sobre todo á hora de definir os niveis de coñecemento do alemán, xa que non existe ningún tipo de elemento de control suficiente, ágas a opinión dalgunhas persoas entrevistadas que teñen asignadas o rol de ‘experto/a’, que se contrapoñen coa autoimaxe que tentan proxectar os entrevistados sobre este tema. Por outra banda, tamén podería ser de axuda ver cal é o grao de escolarización das persoas participantes, porque pode ser determinante nas dificultades e estratexias de adquisición da lingua estranxeira.

Nesta mesma liña, o camiño encetado neste ensaio sobre a adquisición e aprendizaxe dunha L2 podería dar moitos froitos en vindeiros traballos, especialmente no que atinxe á configuración da interlingua destes falantes non nativos e as diferentes estratexias de aprendizaxe formal e informal que adoptaron. Se a isto lle engadimos unha categoría de carácter transversal como *Gastarbeiter* ou *Gastarbeiterin*, permitiría introducir unha perspectiva comparatista e transnacional que axude a comprender a complexidade multinivel da migración en Alemaña na década dos 60 e 70. Esta ampliación do radio de acción, esbozada no propio volume, introduciría unha dimensión sociocultural e política que completaría o plano lingüístico da investigación, consonte a certas liñas de investigación relacionadas coa globalización, o transnacionalismo e a migración que se están a desenvolver nos Estudos de Tradución e Interpretación —pensemos na idea de Bachmann-Medick (2008) sobre *translational turn*—. Por outra banda, esta extensión gnoseolóxica e epistémica permitiría desactivar, en parte, outra das dificultades endémicas das investigacións de carácter etnográfico: a problemática *emic/etic*. Non obstante, a autora introduciu algún que outro factor de corrección, como a categoría de ‘experto/a’ ou a comparación con outras comunidades migrantes para desartellar certos aspectos dese mecanismo.

Para rematar, tan só facer unha nota final sobre a reproducibilidade dos datos deste traballo por parte de calquera investigador/a. Non debemos esquecer que unha parte importante do método científico é que os resultados de calquera estudo se poidan corroborar en diferentes experimentos.

ESTÉVEZ GROSSI, Marta  
*Linguística Migratoria e  
Interpretación en los Servicios  
Públicos. La comunidad  
gallega en Alemania*  
Gabriel Pérez Durán

Desta forma, os achados vanse convertendo sucesivamente en feitos científicos. Resulta unha agradable sorpresa que a autora forneza, por unha banda, unha metaanálise daqueles aspectos que lle funcionaron das diferentes disciplinas que manexou e, pola outra, que proporcione os guións das entrevistas e unha selección das respostas das persoas entrevistadas. Malia que faltaría o acceso á totalidade do material de investigación xerado, constitúe un primeiro paso interesante que ben se podería xeneralizar, como sucede noutros eidos do coñecemento.